

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36009411	CEIP Pintor Antonio Fernández	Tomiño	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	2º Pri.	1	35

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	7
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	8
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	8
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	9
9. Outros apartados	9

1. Introducción

Esta programación didáctica levarase a cabo nun centro público de Educación Infantil e Primaria de liña 1 con 9 unidades (3 de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria). Está situado no Concello de Tomiño. É unha zona rural, con grandes espazos naturais que permiten fomentar múltiples actividades para coñecer e incentivar o respecto polo medio ambiente.

O alumnado para o cal vai destinada dita programación é o de 2º de Educación Primaria, formado por 11 alumnos, sendo 4 nenos e 7 nenas.

A situación do centro permítenos aproveitar a multitude de recursos que ofrece a localidade, como a Carballeira do Centro, as murallas do río Miño... Así como as instalacións que oferta o mesmo, coma as canchas, pistas deportivas, o pavillón...

Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar os 3 bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, " Definición de proxectos "; o bloque número 2, " Execución de proxectos "; e o bloque número 3, " Presentación do proxecto ". Deste xeito, diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Ademais, a área do Proxecto Competencial pode configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade, e as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entreos diferentes saberes.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Emocións que nos unen.	Traballamos emocións: alegría, tristeza, anoxo, medo, noxo... Co visionado de fragmentos de películas e xogos.	30	13	X		
2	O viaxe dos valores.	Traballamos diferentes valores: resolución pacífica de problemas, perdón, diversidade, tolerancia, empatía... Co visionado de fragmentos de películas e xogos.	30	12		X	
3	Tesouros do corazón	Elaboración de guións e grabación de curtas sobre emocións e valores polos nenos e nenas da aula.	40	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Emocións que nos unen.	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia de coñecer os sentimentos e emoción propios e dos demais.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais necesarios para este proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporización.

UD	Título da UD	Duración
2	O viaxe dos valores.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Tesouros do corazón	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados	TI	100
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o resultado final do que se traballou		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Execución de proxectos: dinámicas e roles.
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: As emocións, o sentimentos e os valores que os ligares tamén coa arte, xa que é o PDI do noso centro, e o cinema e as curtas son parte da arte.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: recoñecer os sentimentos e emoción propias e dos demais.

Farase un visionado de fragmentos de películas onde logo se plantexan tarefas e xogos relacionados cos sentimentos e emoción que se van a traballar. Planificarase as tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, seguimos traballando con fragmentos de películas onde se mostren diferentes valores: resolución pacífica de conflitos, tolerancia, diversidade, empatía... Planificarase as tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado por grupos elaborarán guións e actuarán nas curtas que reflexen estes sentimentos, emocións e valores. O proxecto poderá ser difundido na páxina web do centro educativo para toda a comunidade.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente nas demais áreas

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Cadernos, fichas e xogos
Lapis, pinturas, gomas, tesoiras, pegamento ...
móvil para grabar as curtas.
Videos na rede.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres dobres que se moverán para facilitar a distribución en grupos durante o traballo grupal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Participación e implicación nas tarefas.
 - SEGUNDA AVALIACIÓN: Participación e implicación nas tarefas.
 - TERCEIRA AVALIACIÓN: Traballo en equipo. Participación activa. Elaboración, presentación e exposición do proxecto.
- Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos do traballo cooperativo, realización de tarefas individuais, presentación, orde...

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

6. Medidas de atención á diversidade

Débase partir de que hoxe en día se recoñece que todo alumno/a pode presentar necesidades, xa que cada un ten unhas capacidades, motivacións, intereses, estilos e ritmos de aprendizaxe, valores culturaisdistintos, que xunto con factores familiares e socio económicos constitúen unha sociedade cada vez máis diversa e que plantexa moitos retos dende o punto de vista pedagóxico e didáctico dentro da escola.

Abordar con éxito este punto depende do traballo levado a cabo dende a escola, o cal debe ser interdisciplinar e de equipo, compartindo toda a comunidade educativa responsabilidades co alumnado con necesidades educativas

de calquera índole.

O Departamento de Orientación é o pilar básico xunto coas titoras, para atender as necesidades educativas do alumnado aínda que o seu tempo é insuficiente para as necesidades do alumnado.

Neta área non hai previsto ningún apoio dende o departamento de Orientación en función dos datos obtidos do ano anterior

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X
ET.2 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X
ET.3 - Emprendemento	X		X
ET.4 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.5 - Educación para a Paz	X	X	X
ET.6 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.7 - Educación para a aúde (incluída a afectivo-sexual)		X	
ET.8 - Educación emocional e de valores	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Relacionadas co proxecto.	X	X	X
Conmemoracións culturais aprobadas polo claustro	Algunhas poderán relacionarse co proxecto	X	X	X
Actividades propostas polo concello, AFA e outros organismos	Sen determinar e que irán xurdindo ao longo do curso	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumno

Metodoloxía empregada
Conseguíuse motivar ao alumnado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro
Medidas de atención á diversidade
Adáptanse as tarefas aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe
Infórmase ao alumnado dos erros e mellorías cometidos nas diferentes tarefas ou actividades
Outros
Os instrumentos de avaliación proporcionan información valiosa .

Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas ao longo dos tres trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 1º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

9. Outros apartados